



©INSTITUTO GEOGRAFICO NACIONAL

IMAXE DE FONDO: CARTA XEOGRÁFICA DE GALICIA. DOMINGO FONTÁN. 1845

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS  
**EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA**  
CONVOCATORIA 2021-22

ENTIDADES COLABORADORAS



COORDINACIÓN DAS ACTIVIDADES  
SABELA GIRON GESTEIRA  
PROXECTOTERRA.ACTIVIDADES@COAG.ES  
+34 676 033 121



# ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS 21-22

## EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA

DATA LÍMITE PARA A SOLICITUDE **8 DE ABRIL DE 2022**

Como resultado da renovación do convenio de colaboración entre o **Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia** e a **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, coa incorporación da **Axencia de Protección da Legalidade Urbanística** como entidade cofinanciadora do ProxectoTERRA queremos facervos chegar a **convocatoria de actividades complementarias 21-22** para **Educación Primaria e Secundaria** a desenvolver nos meses de **Abril, Maio e Xuño** de 2022, co obxectivo de que poidades incorporalas nas vosas programacións de actividades complementarias.

Neste curso académico 21-22, **modificamos a oferta de actividades** complementarias do pasado curso tentando de **recuperar, paseniño, a oferta de actividades previa á pandemia** da COVID-19 que nos afectou os pasados cursos. Así, continúase a prescindir dos Intercambios Territoriais para Educación Secundaria ao norte de Portugal, mentres que recuperamos o de Courel-Ribeira Sacra e máis o do Camiño de Santiago, así coma continuamos a priorizar as Visitas Guiadas de Arquitectura ás cidades galegas para o alumnado de Educación Primaria.

**MOI IMPORTANTE:** A participación nas actividades complementarias é **INDEPENDENTE** da participación no **PLAN PROXECTA+ 21-22**.

Como sabedes, o **ProxectoTERRA** está integrado no *Plan Proxecta+* da *Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional*. Neste curso **os centros inscritos no ProxectoTERRA no Plan Proxecta TERÁN PRIORIDADE na adjudicación das actividades**, así coma os centros públicos ante os privados ou concertados.

**A OFERTA DE ACTIVIDADES** para o presente curso 21-22 é a seguinte:

- 20 Visitas guiadas de Arquitectura e cidade (1 día):
  - 5 visitas a Allariz
  - 5 visitas a Ferrol - Fragas do Eume
  - 10 visitas a Lugo, Santiago de Compostela, Pontevedra, A Coruña e Ourense
  
- 20 Intercambios territoriais (2 días):
  - 5 intercambios ao Camiño de Santiago no seu paso polo Cebreiro - Samos
  - 5 intercambios a Allariz - Sta. Mariña de Augas Santas
  - 5 intercambios a Ferrol - Fragas do Eume
  - 5 intercambios a Quiroga - Courel - Ribeira Sacra

**DATAS PARA AS ACTIVIDADES:** son os días indicados no [formulario de solicitude](#), dos meses de abril, maio e xuño de 2022.

**PROGRAMA DAS ACTIVIDADES:** os programas para cada unha das actividades pódense consultar no seguinte [enlace](#) e serán susceptibles de lixeiras modificacións que non afectarán ao desenvolvemento xeral da actividade.



**CUSTO DAS ACTIVIDADES:** Neste curso NON HABERÁ COTA DE INSCRIPCIÓN. Desde ProxectoTERRA PREGAMOS **RESPONSABILIDADE** por parte dos centros. Estes deberán comprometerse firmemente a realizar as actividades solicitadas no caso de ser concedidas.

Os centros terán que facerse cargo do custo do transporte (autobús) para toda a actividade.

**FORMULARIO DE SOLICITUDE:** Para facer a solicitude da actividade, teredes que cumprimentar o formulario que acompaña esta convocatoria [premando aquí](#). **Os campos con asterisco\* son obrigatorios.**

**É MOI IMPORTANTE QUE ESCOLLADES VARIAS OPCIONS** de actividade solicitada e datas preferidas, indicando a orde de preferencia nas opcións correspondentes.

**MOI IMPORTANTE:** este curso **retomaremos a limitación da concesión de unha única actividade por centro.**

**CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN:** As condicións para poder participar nas actividades do ProxectoTERRA son as seguintes:

- Cubrir a solicitude no formulario electrónico con **data límite do 8 de ABRIL incluído.**
- A **adxudicación das actividades** farase **desde o día 30 de MARZO** por **orde de chegada** das solicitudes e a preferencia de datas dacordo aos seguintes criterios:
  - 1.- Orde de chegada das peticións.
  - 2.- Ter participado con anterioridade nas actividades do ProxectoTERRA.
- A **adxudicación desde unha data anterior ao peche da convocatoria** facilitará que se poidan pedir as correspondentes **autorizacións ás familias** do alumnado participante, polo que recomendamos **solicitar canto antes as actividades que se queiran realizar no mes de abril.**
- Aconsellamos solicitar varias opcións de actividades, indicando a preferencia de datas e orde de preferencia dentro das opcións dispoñibles, para ter máis posibilidades na adxudicación.
- **Para solicitar varias actividades**, polo caso de querer participar varios grupos dun mesmo centro, será preciso **cubrir un formulario por grupo e actividade** solicitada e **priorizarse a adxudicación ao grupo e actividade do primeiro formulario enviado por cada centro.**
- **O alumnado de Secundaria que participe na actividade terá que ter traballado previamente algunha das catro unidades do ProxectoTERRA** -PAGUS, Arquitectura Popular, Arquitectura Contemporánea, Identidade Territorial- de acordo aos seguintes criterios:
  - 1.- Visitas guiadas de arquitectura e cidade: calquera das catro unidades
  - 2.- Intercambios territoriais:
    - Camiño de Santiago / Allariz / Quiroga-Courel: PAGUS, Arq. Popular ou Identidade Territorial.
    - Ferrol-Fragas do Eume (PAGUS - Arq. Contemporánea – Identidade Territorial).
- **O número máximo de persoas** participantes será, polo xeral, de **55\***, **incluíndo ao profesorado** que deberá ser de mínimo 1 persoa por cada 20 alumnos/as ou fracción.

\*Excepcións: a visita de **1 día a Allariz para Secundaria**, o **intercambio territorial a Allariz** e o **intercambio territorial do Camiño de Santiago** serán para un máximo **35 alumnas/os + 2 docentes**. A **visita para Primaria a Ferrol** será para un máximo de **25 alumnas/os + 2 docentes**.



- **O custo do autobús correrá a cargo do centro.**
- **O alumnado terá que facerse cargo do xantar do primeiro día de actividade.**
- Na **actividade de 1 día de Ferrol/Fragas do Eume para Primaria** o ProxectoTERRA farase cargo do **xantar** e nos intercambios territoriais o ProxectoTERRA farase cargo do aloxamento, da cea do primeiro día e do almorzo e xantar do segundo día de actividade.

**MOI IMPORTANTE:** As actividades do proxectoTERRA son actividades complementarias polo que deben ter as aprobacións oportunas por parte do centro. **O alumnado estará sempre baixo a responsabilidade do profesorado do centro acompañante**, debendo estar sempre presente ao longo das actividades e colaborar coas guías e monitores no seu desenvolvemento. As guías e monitores dinamizan e guían as actividades, debendo estar sempre acompañados por profesorado do centro que será o responsable do grupo. **O incumprimento desta condición suporá a suspensión inmediata da actividade.**

Recordade que esperamos as vosas peticións a través do [noso formulario](#). Para calqueira dúbida que poida xurdir poderedes escribir ao noso correo.

O noso contacto: [proxectoterra.actividades@coag.es](mailto:proxectoterra.actividades@coag.es)  
A nosa WEB: <http://proxectoterra.coag.es>

## REDES SOCIAIS

Se sodes usuarios de Facebook e Twitter, queremos animarvos a que nos sigades a través dos seguintes enlaces:

<https://www.facebook.com/proxectoterra/>  
<https://twitter.com/Proxectoterra>

Nos pasados cursos tivemos moitos problemas cos envíos dos correos que contiñan a información sobre os cursos e actividades que ofertamos, e temos certeza de que non lle chegaron a unha gran parte do profesorado. A través das redes sociais poñemos ao voso dispor outro xeito de poder acceder á información sobre as nosas iniciativas e poder contar coas vosas aportacións de xeito moito mais directo e compartido na rede.

Recibide unha moi afectuosa aperta do equipo do ProxectoTERRA.

Coordinación das Actividades do ProxectoTERRA

Alberto Fortes Nova

Sabela Girón Gesteira

Arquitectura Sen Fronteiras

+34 676 033 121

[proxectoterra.actividades@coag.es](mailto:proxectoterra.actividades@coag.es)